

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	O PORRIÑO
Edificio	Capela do Santo Cristo da Agonía
Dirección	Praza do Cristo, 6. 36400
	42.162556 -8.620522
Protección	
Descrición	<p>Templo de pequenas dimensións, cunha única nave de planta de cruz latina. Na fachada destacan varios elementos como a porta principal, de arco trilobulado enmarcada por pilastras acanaladas de fuste exento. Por riba dela aparece un elemento decorativo na súa clave, apoiado sobre pilastras lisas con capitel. A porta de entrada queda acubillada en conxunto por dúas esveltas columnas estriadas sobre plintos, con capiteis corintios que soportan un entablamento clásico composto por molduras cóncavas e convexas. Sobre o entablamento atopámonos unha placa granítica rematada en volutas, sobre a que se apoia unha placa presidida por un óculo trebolado.</p> <p>Sobre a liña de cornixamento encontrámonos cunhas formas que, partindo dos floreiros escultóricos dos ángulos, estrutúranse recordando ós aletóns clásicos: así os bordes remátanse nunha forma redondeada a modo de voluta. Destácase a parte central, pola súa morfoloxía, decoración e cromatismo, de tal maneira que se crea un eixo verticalizante dende a porta ata o remate do campanario.</p> <p>No centro aparece a torre campanario dun só corpo moi estilizado e horadado por arcos apuntados, que se remata por medio dunha bovedilla da que sae un elemento vertical.</p> <p>Os muros laterais posúen ventás oxivais.</p> <p>A construción desta igrexa débese a D. Servando Ramilo Nieves, filántropo e veciño porriñés, que doa o terreo necesario para a súa construción e para a construción do Parque do Cristo, facéndose cargo ademais dos custes das obras do recinto relixioso, da arboreda, dos bancos, do quiosco de música e da imaxe do Cristo que se garda no interior da igrexa. En outubro de 1898 iníciáanse as obras da capela baixo a dirección do mestre canteiro Sr. Martínez, dándose estas por rematadas en 1899 e inaugurándose o templo o 17 de setembro do mesmo ano.</p>
Campás	3 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	FRANCO BARROS, Oscar / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA

Data

19-03-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>PELLÓN, MANUEL (SAN BREIXO DE ARCOS)</u>	1894		
Torre-campanario	<u>SAN PRUDENCIO</u>	<u>LINARES, HIJOS DE CONSTANTINO (CARABANCHEL BAJO)</u>	1949		
Torre-campanario	<u>SAN SERVANDO</u>	<u>LINARES, HIJOS DE CONSTANTINO (CARABANCHEL BAJO)</u>	1948		

Información completa: [Capela do Santo Cristo da Agonía - O PORRIÑO \(GALICIA\)](#)

PDF (07-07-2026)